

Querido diario,

O primeiro motivo polo que gardo este rexistro do tempo pasado en Heidelberg é para preservar os detalles da miña vida para que futuras xeracións de mulleres poidan ler sobre os meus esforzos e a miña experiencia. Futuras fillas, netas, bisnetas, desexo que o futuro vos depare días máis doados como mulleres e que poidades gañar o respecto polo voso intelecto sen penalidades.

A miña paixón polas matemáticas foi frustrada polos homes na miña vida durante moitos anos. O meu pai e o meu home Vladimir opuxéronse á miña educación en matemáticas, xa que non é costume que as mulleres participen en cuestións académicas. Sei, sen embargo, que o meu cerebro funciona tan ben como o de calquera home e que algún día acadarei o meu obxectivo de chegar a ser unha matemática recoñecida. Despois do fin do meu matrimonio e a morte do meu home, vin desde Moscú aquí, á Universidade de Heidelberg. Hai moitos estudantes internacionais que veñen á Universidade, pero non vin visto ningunha outra muller no campus. Ao chegar atopeime con que non podería asistir a clases porque era muller, aínda que me considero a min mesma preparada. Discutin este asunto cos directores da Universidade, e finalmente déronme a liberdade de asistir, co permiso dos profesores.

Tradución dun extracto do diario de SOFIA KOVALEVSKA

Sofia Kovalewska non só foi unha grande matemática do século XIX, senon tamén unha firme defensora dos dereitos das mulleres. A súa vida é un exemplo paradigmático dos atrancos que atopaban as mulleres para desenvolver as súas capacidades, ou paren obtener o recoñecemento que se merecían. Infórmate sobre a súa biografía e fai unha listaxe das discriminacións que sufriu ó longo da súa carreira por ser muller.

Busca máis información sobre a vida das científicas que aparecen neste calendario e redacta un artigo sobre as experiencias que compartiron, en épocas e países distintos, no seu afán de quererem adicarse á ciencia, sendo mulleres.

# SETEMBRO

Abride escolas e pecharanse cárceres  
*Concepción Arenal*

L	M	Me	X	V	S	D
1 2002 A palista galega Teresa Portela, Medalla de Ouro no Mundial de Sevilla	2 1838 Nace Lydia Liliuokalani, derradeira raíña de Hawai	3 1992 Morre Bárbara McClintock. Nobel de Fisioloxía e Medicina. "Xenes intercambiábeis"	4 1995 Iniciase en Beijing -China-, a 4ª Conferencia Mundial sobre a Muller	5 Día da Muller Indíxena. Aniversario do asasinato de Bertolina Sisa	6 1921 Nace Carmen Laforet, I Premio Nadal pola súa novela "Nada" (1945)	7 1955 Promúlgase no Perú a Lei do Sufraxio Feminino
8 1990 Gabriela Sabatini gaña o US Open, o seu primeiro título de Grand Slam	9 1908 Nace Aurora Reyes. 1ª muller muralista mexicana. Sindicalista e sufragista	10 1987 Morre no Paraguai Aimé Painé, cantora. Oficiase funeral polo rito aborixe	11 1997 Pasamento de Ana Ros Miragall, mestra, escritora, sindicalista e feminista	12 1590 Nace María de Zayas y Sotomayor. Destaca polo realismo e modernidade da súa obra	13 1988 Morre Mª Teresa León. Escritora. Republicana comprometida contra a guerra	14 1927 Morre Isadora Duncan, renovou o ballet clásico. Precursora da danza moderna
15 1945 Nace Carmen Maura, actriz	16 1851 Nace na Coruña, Emilia Pardo Bazán, escritora, xornalista e corresponsal	17 2000 "Isué" de Mercedes Peón, mellor disco do ano segundo koldworld	18 1905 Nace Greta Garbo, actriz. "A tentadora" (1926) "O Demo e a Carne" (1927)	19 1977 Constitúese a Asociación de Mulleres nicaraguas Luísa Amanda Espinoza	20 1980 Mª Xosé Queizán publica "Recuperemos as mans"	21 1916 Nace Françoise Giroud. Primeira Ministra francesa de Asuntos da Muller
22 1960 Falece Melanie Klein, unha das máis importantes psicoanalistas do século XX	23 Día Nacional Arxentino dos Dereitos Políticos das Mulleres	24 1985 1ª volta ao mundo en bicicleta dada por unha muller. Durou 15 meses	25 1996 Nace Elsa Triolet, escritora rusa. Exiliada antizarista	26 1981 Nace Serena Williams, tenista estadounidense, Campiona Winblendon 2003	27 1871 Nace Grazia Deledda, escritora italiana. Nobel de Literatura (1926)	28 Día de loita pola despenalización do aborto
29 En todo o ano, Mulleres de Negro denuncian os crimes de guerra contra as mulleres	30 1980 Nace Martina Hingis, tenista suíza nacida en Eslovaquia. Varios anos Nº1 do Ranking Mundial Feminino					